

HISTORIA DE ESPAÑA**OPCIÓN A**

ORIENTACIÓNS: Os documentos que se presentan reflicten momentos importantes da evolución política durante o Sexenio democrático (1868-1874). Na túa redacción debes abordar as seguintes cuestións: as circunstancias que conduciron á expulsión do trono de Isabel II e as aspiracións dos revolucionarios triunfantes; os trazos esenciais do novo réxime político que a Constitución de 1869 instaura; as razóns do fracaso da fórmula monárquica; a implantación do réxime republicano que a sucede e do proxecto federal que se intenta instaurar. Para concluír, podes aludir ao fracaso final da República e á súa substitución por un novo réxime. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Doc.1.-O 27 de setembro de 1868, a Xunta de Goberno de Málaga súmase con esta proclama á revolución coñecida como Gloriosa:

“Aspiramos á liberdade de conciencia (...). Imos, pois, establecer a liberdade de cultos.
Aspiramos á liberdade de sufraxio (...), proclamamos o sufraxio universal.
Aspiramos á liberdade da razón, e queremos o ensino libre, e que o pensamento escrito circule sen traba.
Aspiramos, en fin, á liberdade económica e de asociación (...).
Queremos Cortes Constituíntes, expresión fiel da soberanía da Nación, para que promulguen unha Constitución (...).
Cidadáns: ¡Viva a liberdade! ¡Viva a soberanía nacional! ¡Abaixo os Borbóns!”

Doc.2.-Constitución de 1869:

“A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover ao ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución (...):

Art. 17. Tampouco pode ser privado ningún español: do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito (...). Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para todos os fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública (...).

Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan todos os poderes.

Art. 33. A forma de goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35. O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros.

Art. 36. Os tribunais exercen o poder xudicial”.

Doc.3.-Renuncia ao trono de Amadeo I (11 de febreiro de 1873):

“Dous anos longos hai que cingo a coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis distante a era de paz que tanto desexo (...). Todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e axítanse polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contraditorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible afirmar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tamaños males. Busqueino dentro da lei ansiosamente e non o atopei. Fóra da lei non debe buscalo quen prometeu observala (...).

Estas son, señores deputados, as razóns que me moven a devolver á nación, e no seu nome a vosoutros, a Coroa que me ofreceu o voto nacional (...).”

Doc.4.-Proxecto de Constitución federal de 1873:

“Art. 1. Compoñen a Nación Española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias (...).

Art. 39. A forma de goberno da Nación Española é a República federal (...).

Art. 42. A soberanía reside en todos os cidadáns, e exércese en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son: o Municipio, o Estado rexional, o Estado federal ou Nación (...).

Art.45. O poder da Federación divídese en poder lexislativo, poder executivo, poder xudicial e poder de relación entre estes poderes”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

ORIENTACIÓNS: Os seguintes documentos deben permitirche elaborar unha redacción sobre a instauración e institucionalización da ditadura franquista. Nela debes abordar as seguintes cuestións: a súa caracterización ideolóxica, hostil á democracia; a liquidación dos sindicatos de clase; o pseudoparlamentarismo e a concentración de poderes; a eliminación das liberdades civís e políticas; os instrumentos e apoios que serviron ao franquismo na súa consolidación. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Doc.1.-Discurso de Francisco Franco (18 de xullo de 1938), en conmemoración do Alzamiento Nacional:

“Correspóndenos a paladinaxe dunha fe, unha civilización e unha cultura gravemente ameazadas polos principios roxo-comunistas (...).

Á irresponsabilidade política dos partidos liberais, sucede a unidade da nosa Cruzada, organicamente constituída; a un Estado neutro e sen ideais, substitúelle o misional e totalitario, que orienta ao pobo sinalándolle o camiño (...).

Hai que soldar ao pobo, dividido polos partidos, hai que unir medio século de separacións; hai que borrar os prexuízos da loita de clases; (...) hai que elevar os principios do *Movimiento*”.

Doc.2.-Lei sobre unidade sindical (31 de xaneiro de 1940):

“Tres son os principios que inspiran a Organización Nacional-Sindicalista prevista polo *Fuero del Trabajo*, reflexo fiel da organización política do Novo Estado, a saber: Unidade, Totalidade e Xerarquía. Haberá, pois, segundo precepto do *Fuero*, unha soa orde de sindicatos, nos cales serán encadrados todos os factores da economía por ramas da produción ou servizos.

Artigo primeiro.-A Organización Sindical de *F.E.T. y de las J.O.N.S.* é a única recoñecida con personalidade suficiente polo Estado, quen non admitirá a existencia de ningunha outra con fins análogos ou similares”.

Doc.3.-Lei de creación das Cortes Españolas (17 de xullo de 1942):

“Continuando na Xefatura do Estado a suprema potestade de ditar normas xurídicas (...), o órgano que se crea significará, á vez que un eficaz instrumento de colaboración naquela función, principio de autolimitación para unha institución máis sistemática do poder (...).

Art. 1.-As Cortes son o órgano superior de participación do pobo español nas tarefas do Estado. É misión principal das Cortes a preparación e elaboración das leis, sen prexuízo da sanción que corresponde ao Xefe do Estado.

Art. 2.-As Cortes compóñense de Procuradores natos e electivos, a saber: a)Os ministros. b)Os conselleiros nacionais de *F.E.T. y de las J.O.N.S.* c)O Presidente do Consello do Estado (...). d)Os representantes dos Sindicatos Nacionais. e)Os Alcaldes das cincuenta capitais de provincia (...). f)Os Rectores das Universidades (...). i)Aquelas persoas que pola súa xerarquía eclesiástica, militar, administrativa ou social, ou polos seus relevantes servizos a España, designe o Xefe do Estado, en número non superior a cincuenta”.

Doc.4.-Fuero de los Españoles (17 de xullo de 1945):

“Art. 1.-O Estado español proclama como principio reitor dos seus actos o respecto á dignidade, a integridade e a liberdade da persoa humana, recoñecendo ao home, en canto portador de valores eternos e membro da comunidade nacional, titular de deberes e dereitos (...).

Art. 2.-Os españois deben servizo fiel á Patria, lealdade ao Xefe do Estado e obediencia ás leis (...).

Art. 6.-A profesión e práctica da relixión católica, que é a do Estado español, gozará da protección oficial. Ninguén será molestado polas súas crenzas relixiosas nin o exercicio privado do seu culto. Non se permitirán outras cerimoniais nin manifestacións externas que as da relixión católica (...).

Art. 10.-Todos os españois teñen dereito a participar nas funcións públicas de carácter representativo, a través da familia, o municipio e o sindicato (...).

Art. 12.-Todo español poderá expresar libremente as súas ideas mentres non atenten contra os principios fundamentais do Estado”.

Doc.5.-Dionisio Ridruejo, ex-falangista posteriormente represaliado polo réxime, exprésase así na súa obra *Escrito en España* (1962):

“Os grupos económicos atribuíanse con todo acougo o seu lote de soberanía. A Igrexa tomaría o seu. O Exército –unque oficialmente incluído, home a home, no Partido único- absorbería a súa porción, exercendo o control dos instrumentos executivos, e ficaría constituído en forza básica e arbitral. O Partido único proporcionaríaa o persoal político por xunto e representaría docilmente o papel de pobo na función (...). Pola súa banda, o poder persoal, establecido como clave de arco (...), esponxaría nunha camarilla reclutada entre os máis fieis (...).

En rigor, a guerra non producira poderes novos. Máis ben repuxera no seu sitio, libres de coidados, os poderes antigos, destruíndo aqueles outros que antes ameazaban”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN A

ORIENTACIÓNS: Os documentos que seguen teñen como asunto central a oposición ao réxime franquista. Na redacción debes tratar as seguintes cuestións: A evolución da oposición ao longo da ditadura; a variedade de formas empregadas; os diferentes sectores e organizacións implicados. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Doc.1.-O guerrilleiro Francisco Rey lembra o movemento dos anos 40:

“Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo na cadea ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ao monte homes de todas as tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas (...).

Ao principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Eramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo. E nesa época, no momento máis agudo da represión franquista, tivemos sempre o apoio abnegado, silencioso e incondicional do pobo. Aqueles homes que nas aldeas nos axudaban sabían perfectamente ao que se expoñían e, non obstante, non vacilaban en acollernos”.

Doc.2.-Noticia recollida en *Mundo Obrero* dunha manifestación universitaria en Madrid (1956):

“Estes potentes berros, lanzados por centos de valentes peitos xuvenís, atronaban as rúas céntricas da capital. Unha proba patente da debilidade do goberno é que non se atreveu a utilizar a policía armada para reprimir a manifestación. A forza pública recibira instrucións de se retirar (...).

Ao pasar a manifestación diante do Ministerio de Gobernación, recrudescéronse os berros dos estudantes contra a Falanxe e contra o réxime. O público acollía a manifestación cun grande alborozo, con signos emocionantes de simpatía. Os estudantes antifranquistas foron donos ese día das rúas céntricas da capital durante preto dunha hora. O tráfico foi paralizado por completo na rúa de Alcalá”.

Doc.3.-O líder sindical Marcelino Camacho lembra as orixes das Comisiones Obreiras (CC.OO.):

“A cabalo entre 1956 e 1957 xurdiu e desapareceu, nun prazo breve, unha comisión na mina asturiana *La Camocha*, para defender unha asignación de carbón aos mineiros (...). Outras funcionaron en diversos lugares como Euskadi, Cataluña, Valencia, Andalucía, etc., sempre de forma fugaz e variada composición (...).

En Madrid iniciouse unha nova fase de Comisiones Obreiras que se caracterizou polo carácter permanente desas comisións elixidas en asembleas (...). Decidíramos servirnos da Escola Sindical de Enlaces (...) como un medio para nos coñecer e estender os nosos contactos sobre todo coas grandes empresas do metal”.

Doc.4.-En 1974, o Partido Comunista de España inspirou a formación da Xunta Democrática, na que se agrupaban diversas forzas de oposición que aprobaron o seguinte programa:

“1.-A formación dun goberno provisional que substitúa o actual (...).

3.-A legalización dos partidos políticos sen exclusións.

4.-A liberdade sindical e a restitución ao movemento obreiro do patrimonio do Sindicato Vertical.

5.-Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica.

6.-A liberdade de prensa (...).

8.-A neutralidade e a profesionalidade, exclusivamente militar para a defensa exterior, das forzas armadas.

9.-O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco e galego e das comunidades e rexións que o decidan democraticamente.

10.-A separación da Igrexa e do Estado (...).”

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

ORIENTACIÓNS: Baseándote nos seguintes documentos debes compoñer un texto sobre a crise da Restauración, aberta coa perda das colonias ultramaríñas en 1898. Na redacción debes abordar as seguintes cuestións: a crecente disposición do Exército a tutelar a vida política; o aumento da conflitividade social; os problemas bélicos en Marrocos; a exasperación da inestabilidade governamental; o pronunciamento de Primo de Rivera como final do réxime constitucional. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.


Doc. 1.-Artigo publicado na revista *El Ejército Español* en 1905:

“Aos separatistas cataláns dilles que xa rematou a época das contemplacións; que de hoxe en diante non se poderá berrar ‘¡Morra España!’ sen que quen o berre saiba que é perigosísimo o berralo. Aos gobernos dilles que tamén pasou a época en que poidan amosárense débiles; que é preciso arrincar de raíz a semente separatista custe o que custe. E ás Cortes dilles así mesmo que se por imprevisión dos lexisladores non hai leis contra o separatismo, as fagan axiña, porque entrementes o Exército aplicará a lei suprema, a que dita o seu inquebrantable amor a España unha e intanxible”.

Doc. 2.-A UGT e a CNT convocan unitariamente a folga xeral en agosto de 1917:

“Pedimos a constitución dun Goberno Provisional que asuma os poderes executivo e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles nunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceras, dunhas Cortes Constituíntes que aborden en plena liberdade os problemas fundamentais da constitución política do país. Mentres non se acade ese obxectivo, a organización obreira está absolutamente decidida a manter a súa actitude de folga. Cidadáns: non somos instrumentos de desorde, como na súa impudicia nos chaman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión de sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicitamos o voso concurso. ¡Viva España!”.

Doc. 3.-Viñeta alusiva ao desastre de Annual (1921)



Doc. 4.-A inestabilidade dos gobernos, 1917- 1922:

ANO	TOMA POSESIÓN	CARÁCTER POLÍTICO
1917	19 abril	Concentración liberal
1917	11 xuño	Conservador
1917	3 novembro	Concentración liberal
1918	22 marzo	Concentración nacional
1918	9 novembro	Concentración liberal
1918	5 decembro	Liberal
1919	15 abril	Conservador
1919	20 xullo	Conservador
1919	12 decembro	Concentración
1920	5 maio	Conservador
1921	8 marzo	Interino
1921	13 marzo	Conservador
1921	14 agosto	Concentración
1922	8 marzo	Concentr. Conservador
1922	7 decembro	Concentración liberal

Doc. 5.-En setembro de 1923, o xeneral Primo de Rivera xustifica así o seu golpe de Estado, aprobado pola Coroa:

“Españóis: Chegou para nós o momento máis temido que esperado (...) de atender o clamoroso requirimento de cantos amando á Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos homes que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desventuras e immoralidades que comezaron o ano 98 e ameazan a España cun próximo fin tráxico e deshonoroso. A mesta rede da política de concupiscencias colleu nas súas mallas, secuestrándoa, ata a vontade real (...).

Pois ben, agora imos solicitar todas as responsabilidades e gobernar nós ou homes civís da nosa moral e doutrina.

Non temos que xustificar o noso acto, que o pobo san demanda e impón. Asasinatos (...), atracos, depreciación da moeda (...), rastreiras intrigas políticas tomando por pretexto a traxedia de Marrocos (...), precaria e ruínoa a produción agrícola e industrial, impune propaganda comunista, impiedade e incultura, xustiza influída pola política, descarada propaganda separatista (...). Non vimos chorar penas e vergoñas, senón poñerlles pronto radical remedio, para o que requirimos o concurso de todos os bos cidadáns”.

CONVOCATORIA DE XUÑO

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

OPCIÓN A

Como tema abordado, a evolución política durante o Sexenio Democrático, dando resposta no seu desenvolvemento ás cuestións mencionadas nas orientacións:

- As circunstancias do pronunciamento (crise política, económica e conflitividade social), as forzas que o apoiaron e os obxectivos democratizadores deste (Doc.1).
- As características básicas do novo réxime, que a Constitución de 1869 (Doc.2) amosa, salientando o seu carácter monárquico e a universalización do sufraxio masculino.
- A monarquía constitucional e as razóns do seu fracaso (Doc.3), vinculadas esencialmente á deterioración da situación política e ao avance do republicanismo.
- A instauración da I República e o proxecto federal (Doc.4), caracterizándoo no esencial.
- Os principais problemas que impediron a consolidación da República (tensións entre federais e unitarios, cantonalismo...).
- É pertinente, pero non esixible, aludir á nova intervención militar que porá fin ao Sexenio e posibilitará a primeira Restauración borbónica.

OPCIÓN B

Como tema desenvolvido, a instauración e institucionalización da ditadura franquista, tratando na redacción as cuestións mencionadas nas orientacións:

- A instauración do franquismo como resultado da Guerra Civil, salientando a súa vocación antidemocrática e totalitaria e o seu carácter de reacción fronte ao réxime anterior (Doc.1).
- A represión do sindicalismo de clase e a posta en marcha dun sindicalismo corporativo “vertical” (Doc.2).
- Un falso parlamentarismo (Doc.3) que non evita a permanencia da concentración de poder na figura do Caudillo.
- A lealdade ao Xefe do Estado (Doc.4) e aos principios do *Movimiento*, que supón unha forte limitación dos dereitos civís e a liquidación das liberdades políticas.
- As institucións e grupos políticos, sociais e económicos nos que se apoiou a institucionalización do réxime (Doc.5).
- É pertinente que aparezan referencias a asuntos que, non sendo especificamente citados nos documentos, forman tamén parte do proceso de instauración da ditadura: outras medidas lexislativas, represión da oposición...

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

OPCIÓN A

Como tema abordado, a oposición ao réxime franquista, instaurado como consecuencia da vitoria na Guerra Civil, dando resposta no seu desenvolvemento ás cuestións mencionadas nas orientacións:

- A evolución cronolóxica dos movementos de oposición en función dos diferentes contextos, dende a posguerra ata os preludios da transición democrática.

Criterios de Avaliación / Corrección

- As formas de organización, resistencia e loita, dende a guerrilla dos anos de posguerra ata a articulación clandestina ou no exilio de diversas forzas políticas.
- A diversidade dos ámbitos nos que se manifestou a oposición: estudantes, traballadores, partidos políticos...
- As liñas políticas inspiradoras e condutoras da oposición, destacando o protagonismo no interior do PCE.

OPCIÓN B

Como tema desenvolto, a crise da Restauración, enmarcada entre finais do século XIX e o pronunciamento do xeneral Primo de Rivera en 1923. Na redacción deben ser tratadas as cuestións mencionadas nas orientacións:

- A disposición do Exército a participar e tutelar a vida política, que culmina no pronunciamento de 1923.
- A agudización dos problemas bélicos en Marrocos, exemplificada no desastre de Annual.
- A exasperación da crise social, coa folga de 1917 como expresión representativa desta.
- A crise política, manifestada na inestabilidade gobernamental que reflicte a insostibilidade do modelo bipartidista e o crecente protagonismo de forzas políticas alleas a este (republicanas, de esquerda, nacionalistas...).
- O pronunciamento de Primo de Rivera e a instauración da ditadura, como demostración final da incapacidade do réxime constitucional de afrontar eficazmente os problemas.